

**A C T A 6/2018**

**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 27 DE XUÑO DE 2018 -**

Na Casa do Concello, a vinte e sete de xuño de dous mil dezaioito, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.<sup>a</sup> Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil

D. José Francisco Nanín Castro

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Non asiste, previa escusa:**

D. Jorge Juan Carballido Salgado

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 30.05.18**
- 2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 422/18 Á 520/18)**
- 3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
- 4.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO, 1º TRIMESTRE 2018**
- 5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IBI**
- 6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA TAXA POR ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS E DEPURACIÓN**
- 7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE XESTIÓN DIRECTA DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS**
- 8.- MOCIÓNS**
- 9.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 30.05.18.**

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de maio de 2018.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

### **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 422/18 Á 520/18).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 25 de maio ata o 21 de xuño de 2018, que comprenden os números 422 ao 520, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

### **3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.**

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

#### **“DACIÓN DE CONTA**

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

**De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.**

Teo, 21 de xuño de 2018

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

#### **4.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO, 1º TRIMESTRE 2018.**

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería e Intervención, de 26 de abril de 2018, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais, no 1º trimestre de 2018, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

#### **5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IBI.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 18 de xuño de 2018, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas, de 21 de xuño de 2018, coa modificación acordada na mesma.

##### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

***Terceira modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de bens inmobles***

## **Antecedentes**

*A xerencia rexional do Catastro remite ao concello de Teo un escrito do 22 de marzo de 2018 (Rex. Entrada núm. 2225, do 23 de marzo) que acompañaba un plano de delimitación de solo de natureza urbana co obxecto de contrastar a exactitude e integridade da información que, con posterioridade, formará parte da nova Ponencia de Valores do concello de Teo.*

*O 14 de maio ten entrada no Concello un escrito do Xerente rexional do Catastro do 10 de maio (Rex. Entrada núm. 3589) que acompañaba unha nova Ponencia de Valores total dos inmobles urbanos do territorio municipal. De conformidade co disposto no artigo 80.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, solicitábase informe, no prazo de 10 días, no que constase que esta ponencia fora redactada de conformidade co planeamento urbanístico vixente.*

*Visto o informe do arquitecto municipal do 25 de maio sobre a delimitación do solo de natureza urbana do concello, no que se puña de manifesto a existencia de deficiencias e erros na ponencia, en escrito desta Alcaldía do 25 de maio déuselle traslado á Xerencia territorial da non conformidade coa ponencia (SIR saída 201890000000154).*

*O día 29 de maio a Xerencia Rexional do Catastro fai entrega dun novo escrito (Rex. Entrada núm. 4004) que acompaña unha nova ponencia de valores corrixindo as deficiencias detectadas. En comunicación SIR do día seguinte (30/05/2018, Núm. 000150022018S000804), corríxese o prazo de emisión do informe urbanístico municipal que se establece remata o 8 de xuño.*

*O 4 de xuño o arquitecto municipal asina o informe técnico de delimitación do solo de natureza urbana que constata a corrección dos erros e deficiencias observados na ponencia remitida o 14 de maio, polo que, consecuentemente, o concello remite á Xerencia a conformidade solicitada (SIR saída 201890000000161, do 04/06/2018).*

*Realizadas as correccións pertinentes, o concello debe proceder a aprobar as outras demandas contidas no escrito da Xerencia do dez de maio, isto é: o tipo de gravame para inmobles urbanos e rústicos, e o coeficiente para a obtención do valor base utilizado para o cálculo da redución da base impositiva aplicable ás construcións situadas en solo rústico (entre 0,5 e 1, situada por defecto no 0,5).*

*Por outra banda, a segunda modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles publicada no BOP do 30 de xuño de 2016 afectaba en exclusiva ao artigo 13 da ordenanza (Tipo de gravame) e establecía o 0,55% para os bens inmobles*

*de natureza urbana, o 0,30% para os de natureza rústica, e o 1,3% para os bens de características especiais.*

*Consecuentemente, co obxecto de manter a carga impositiva nos niveis existentes na actualidade, e que no exercicio de 2019 o IBI que afecte á cidadanía de Teo non se altere significativamente, propónse a aprobación do seguinte*

### **ACORDO**

**Primeiro.-** *Modificar o artigo 13 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de bens inmobles vixente que quedaría redactado do seguinte xeito:*

*Os tipos de gravame aplicables neste concello serán os seguintes:*

- a) Bens inmobles de natureza urbana: 0,54%*
- b) Bens inmobles de natureza rústica: 0,30%*
- c) bens de características especiais: 1,3%*

**Segundo.-** *Manter todos os beneficios fiscais recollidos actualmente na ordenanza.*

**Terceiro.-** *Modificar o artigo 10 (Base liquidable) da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de bens inmobles vixente incorporando un apartado 4 co seguinte texto:*

*O coeficiente para a obtención do valor base utilizado para o cálculo da redución da base imponible aplicable ás construcións ubicadas en solo rústico é 1”.*

Explica o sr. alcalde que o recibo da contribución ven determinado por dúas variables, o valor catastral da vivenda e o tipo de gravame que aplica o concello. Ao aumentar o valor catastral se se quere que, con carácter xeral, os propietarios sigan pagando o mesmo polo recibo da contribución hai que actuar sobre o tipo de gravame, para reduci-lo e compensar a subida que poida supor o valor catastral. Sinala que a diferenza entre o novo e o anterior valor catastral se divide en dez tramos e se aplica en dez anos, polo tanto existe unha progresión neses dez anos de incremento no recibo da contribución, e se se quere que iso non ocorra hai que facer un decrecemento do tipo de gravame para dez anos. Indica o sr. alcalde que as casas que están fora de ordenación, que so poden facer obras de conservación e mantemento, van a ter unha

redución moi considerable no recibo da contribución, na maioría dos casos superior a cen euros, de aí o de manter o coeficiente 1.

O sr. alcalde desculpa a ausencia do concelleiro de Son de Teo-Anova, D. Jorge Juan Carballido Salgado, ao atoparse de viaxe.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que se vai a remitir aos argumentos que utilizou no Pleno do 24 de setembro de 2015, cando o goberno municipal modificaba a ordenanza fiscal vixente en Teo dende decembro de 2004, pasando o tipo de gravame para aos bens inmoble de natureza urbana de 0,44 % a 0,55 %, o que supoñía un incremento do 25 % no tipo de gravame. Salia que se trata dun argumento coherente co utilizado en febreiro de 2012, con respecto á intervención por parte do goberno central, e no Pleno do 31 de marzo de 2016, cando o goberno municipal presentaba unha moción de rexeitamento da revisión dos valores catastrais, Pleno no que o BNG presentou unha moción para diminuír o tipo de gravame ao mínimo legal, que foi rexeitada co voto de calidade da alcaldía.

Refírese o sr. Fernández ao Informateo e di que se trata dun Informateo especial para anunciar unha medida de carácter electoralista. Explica que, salvando a portada, a contraportada a entende como algo electoralista, porque se está falando a 10 anos vista e en todo caso iso irá no programa electoral ou voceiros de cada partido, non nun voceiro municipal. Salia que o sr. Fernández que son tantas as veces que ten que repetir isto que xa non lle sorprende, engadindo que o Informateo semella un folleto de partido. Considera o sr. Fernández que non é de recibo converter o voceiro municipal nun folleto de partido aínda que parece que ao equipo de goberno tanto lle ten. Anuncia o sr. Fernández a súa abstención explicando que non é porque estea en contra de que se baixe o tipo de gravame, como se desprende dos Plenos citados nos que se pode comprobar que estaba en contra da suba, porén está en contra da forma de proceder do goberno municipal.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo, como mecanismo legal para mitigar os efectos tanto de suba como de baixada, nas

vivendas fora de ordenación, mantendo igualmente os argumentos dados noutras ocasións en relación coa recadación do IBI e a súa importancia para o conxunto do concello.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio R. Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez sinala que este debate suscitou importantes e extensos posicionamentos, quedando máis que claro naquel momento o posicionamento de cada un e o do PP foi en todo caso sempre o de manter o tipo de gravame que había.

O sr. Sr. Sánchez lembra que o debate máis longo foi o de setembro de 2015, momento no que quedou claro que a suba do 25 % era a maior de toda a provincia e ademais se facía de forma inxustificada ao non existir un informe concienzudo que xustificara aquela suba e agora é practicamente igual. Considera o sr. Sánchez que aqueles debates xa se fixeron polo que non van a redundar nas ideas.

Tratándose do Informateo sinala o sr. Sánchez que xa o denunciaron no seu día, que o equipo de goberno pediu desculpas e que as aceptaron. Di que el non sae da súa sorpresa e abraio cada vez que ve unha publicación deste tipo e tanto máis se repite resulta máis indignante.

Anuncia o sr. Sánchez a abstención do seu grupo sinalando que votarían a favor se o punto a) do acordo referido aos bens inmobles de natureza urbana fora o 0,44 %, que era como estaba ao principio da lexislatura, poren como non ía a ser aceptada como emenda, como ten acontecido moitas veces, non a plantexaron porque non ten sentido marear a perdiz.

O sr. alcalde sinala que se diga que se incrementou o 25 % o IBI no ano 2015 ten moito valor, cando se rebaixou do 0,6 % que impuxo Montoro durante dous anos, ao 0,55 %. Considera que o problema é que cando se din as cousas hai que dicir todas as cousas. Explica que anteriormente estaba no 0,44 %, e el o asume, porén tamén haberá que



asumir que anteriormente estivo no 0,6 % durante dous anos, por obriga de Montoro, e tería un obxectivo, e de aí se baixou ao 0,55 %. Falar de manter o 0,55 % podendo baixar ao 0,4 % pode parecer, así estritamente sen dicir nada mais, unha aberración, porén se se ten en conta que Teo ten os valores catastrais máis baixos de todos os concellos da redonda, porque a ponencia é do 93, non se pode aplicar tamén o coeficiente máis baixo. O IBI non deixa de ser unha fonte de ingresos municipais, do que se lle responsabiliza ao concello, cando se trata dun imposto estatal.

Considera o sr. alcalde que se hai unha ponencia moi antiga haberá que ter un coeficiente algo alto, e se, como agora, se vai a ter unha ponencia nova, haberá que ir baixando gradualmente ata o 0,4 %. Salia que o de chegar ao 0,4 % é algo que comparten todos e dille aos concelleiros que se queren se pode facer agora. Sinala que o que di o Informateo é que o concello ten mecanismos para contrarrestar gradualmente a suba, e se non se fai a cidadanía xa pedirá responsabilidades ou non. Considera o sr. alcalde que no Informateo non se di ningunha falsidade e o que se di podería estar subscrito por todos e non lle ve carácter electoral. Reitera que o que se pretende reflectir no Informateo é un sentir xeralizado e se alguén non está de acordo co que se di, que o diga.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que no Pleno de setembro do 2015 houbo unha modificación da ordenanza vixente para pasar do 0,44 % ao 0,55 % e iso supón unha suba do 25 %. Afirma que esta claro que se modifica a ordenanza e se sube, como tamén que se viña utilizando o mecanismo que utilizou o goberno central, que interviu os concellos, neste caso Teo, e ao que se votou en contra, en febreiro do 2012, polo grupo mixto, como consta nas actas dos Plenos, así como tamén polo equipo de goberno, ao non estar de acordo con el. Porén cando Montoro deixa de intervir o concello de Teo volta a entrar en vigor o 0,44 % e nese momento chégase cunha modificación da ordenanza fiscal.

Salia que o sr. Fernández que o feito é de que se modificou a ordenanza fiscal de Teo e se incrementou é unha verdade absoluta. Lembra que quen se beneficia do 0,5 % e do 0,6 % é o concello, que recada mais, non o Estado nin a Deputación. Sinala que agora

proponse unha baixado do 0,01 % para o ano 2019, engadindo que agora non se vai a votar o que se vai a facer os vindeiros dez anos, que é o que se manifesta no Informateo. Ao sr. Fernández falar do 2029, cando aínda non hai orzamentos para o 2018, lle parece de risa. Considera que do Informateo parece que co que se fai hoxe existe un plan plurianual de baixada do 0,01 %, ano tras ano e modificación tras modificación, ata chegar ao 0,41 %, e de aquí ata alá poden pasar moitas cousas. Reitera que na tapa do Informateo sae o sr. alcalde facendo números e explica que hai unha actualización da ponencia de valores, ata aí ben, está dando información, porén por detrás hai unhas preguntas e unhas repostas que van máis alá do que é o concello, non os partidos que forman parte do goberno municipal, que sería propio dun voceiro dun partido, e por iso denuncia a utilización do Informateo nese senso para facer electoralismo, a menos dun ano das eleccións municipais.

Remata o sr. Fernández reiterando a súa abstención e explicando que non é porque este en contra da baixado do 0,01 %, porque algo é algo, senón pola forma en que se está tratando tanto o Informateo como as cuestións, como puxo de manifesto nos Plenos que citou antes.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda de intervención.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, quen lle di ao sr. alcalde que por moito que manipule as súas palabra non as vai a converter en verdade. Salienta que hai datos obxectivos, xa que o tipo de gravame subiu no seu momento do 0,44 % ao 0,55 %, polo tanto un 25 %. Ese ano ningún concello incrementou o tipo en a toda a provincia, e quizais en toda Galicia, o 0,25 %, polo tanto é a maior suba do tipo de gravame en toda a provincia. Salienta o sr. Sánchez que o que el di é que non existía un informe concienzudo que xustificara aquela suba, e se existiu invita á que se lle amose. Sinala o sr. Sánchez que, aínda que entra dentro do opinable, obxectivamente falando diría que no Informateo hai unha manipulación informativa do máis intolerable. Remata o sr. Sánchez a súa intervención sinalando que houbo longos debates onde quedaron manifestados os posicionamentos do seu grupo.

O sr. alcalde sinala que el non dixo que había falsidade no dato en si, senón que dixo que se se dicía unha cousa haberá que dicilo todo, non que o que se dicía fora falso. Está claro que cando Montoro aplica o 6 % o concello recada máis, porén o problema da intervención municipal non é que se recade máis senón que tamén se lle di ao concello en que o ten que gastar, moitas veces con prioridades que ao concello non lle interesan. Remata o sr. alcalde a súa intervención sinalando que o do Informateo vaia máis alá, temporalmente, da lexislatura, porén non cree que vaia máis alá partidariamente, incluso na resposta das cuestións, que son bastante explicativas. Remata o sr. alcalde sinalando que en todo caso entende os argumentos expostos e agradece as abstencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (6 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e oito abstencións (7 PP e 1 grupo mixto), acorda:**

**Primeiro.- Modificar o artigo 13 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de bens inmobles vixente que quedaría redactado do seguinte xeito:**

**Os tipos de gravame aplicables neste concello serán os seguintes:**

- a) Bens inmobles de natureza urbana: 0,54%**
- b) Bens inmobles de natureza rústica: 0,30%**
- c) bens de características especiais: 1,3%**

**Segundo.- Manter todos os beneficios fiscais recollidos actualmente na ordenanza.**

**Terceiro.- Modificar o artigo 10 (Base liquidable) da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de bens inmobles vixente incorporando un apartado 4 co seguinte texto:**

**O coeficiente para a obtención do valor base utilizado para o cálculo da redución da base imponible aplicable ás construcións ubicadas en solo rústico é 1.**



## **6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA TAXA POR ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS E DEPURACIÓN.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 18 de xuño de 2018, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas, de 21 de xuño de 2018.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### ***Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento de auga, sumidoiros e depuración***

*No Boletín Oficial da provincia da Coruña nº 59 co 11 de marzo de 2008 publicouse definitivamente a “Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento de auga, sumidoiros e depuración”, aprobada inicialmente polo Pleno municipal na sesión celebrada o 26 de decembro de 2007.*

*Con posterioridade no BOP do 22 de xullo de 2015, publicouse unha modificación que afectaba aos artigos 5 e 7 aprobada definitivamente polo pleno da Corporación en sesión do 6 de xullo de 2017.*

*Tendo en conta que no BOP do 13 de xullo de 2015 publicouse o “Regulamento do servizo municipal de abastecemento de augas potable, saneamento e depuración de augas residuais do concello de Teo”, aprobado inicialmente polo Pleno municipal na sesión do 26 de marzo de 2015, que regula no seu capítulo segundo do Título III a obtención de permisos de vertedura sen que na Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento de auga, sumidoiros e depuración se recollan as taxas pola práctica das análises establecidas no Regulamento do servizo, proponse o seguinte*

### **ACORDO**

1. Modificar o artigo 5.- “Cota tributaria”, de xeito que se engade un apartado f) co seguinte contido:

*f) Análises de verteduras*

*f1) As tarifas pola práctica das análises establecidas no Regulamento, axustarase ás seguintes contías:*

<b>Parámetros</b>	<b>Prezo (sen IVE)</b>
<i>PH</i>	<i>2,50 €</i>

<i>Conductividade</i>	<i>2,50 €</i>
<i>Sólidos en suspensión totais</i>	<i>7,00 €</i>
<i>D.B.O.5</i>	<i>16,00 €</i>
<i>D.Q.O.</i>	<i>15,00 €</i>
<i>Fósforo total</i>	<i>10,00 €</i>
<i>Nitróxeno amoniacal</i>	<i>7,00 €</i>
<i>Sulfuro</i>	<i>8,00 €</i>
<i>Aceites e graxas</i>	<i>18,00 €</i>
<i>Recollida e envío mostra laboratorio</i>	<i>30,00 €</i>

*f2) As tarifas polas actuacións de comprobación e inspección ás que se refire o Regulamento, axustarase á seguinte contía:*

*Por inspección e informe: 87,50 €+IVE”.*

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos á proposta.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:**

**1. Modificar o artigo 5.- “Cota tributaria”, de xeito que se engade un apartado f) co seguinte contido:**

**f) Análises de verteduras**

**f1) As tarifas pola práctica das análises establecidas no Regulamento, axustarase ás seguintes contías:**

<b>Parámetros</b>	<b>Prezo (sen IVE)</b>
PH	2,50 €
Conductividade	2,50 €
Sólidos en suspensión totais	7,00 €

D.B.O.5	16,00 €
D.Q.O.	15,00 €
Fósforo total	10,00 €
Nitróxeno amoniacal	7,00 €
Sulfuro	8,00 €
Aceites e graxas	18,00 €
Recollida e envío mostra laboratorio	30,00 €

**f2) As tarifas polas actuacións de comprobación e inspección ás que se refire o Regulamento, axustarase á seguinte contía:**

**Por inspección e informe: 87,50 €+IVE.**

## **7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE XESTIÓN DIRECTA DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar social e igualdade e participación veciñal, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta da alcaldía de 15 de xuño de 2018, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, participación veciña e mocidade do 21 de xuño de 2018.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **Asunto: Xestión directa do servizo de escolas infantís municipais**

*O 11 de agosto de 2016 formalizouse o contrato para prestación de servizo, mediante concesión, das ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO entre a entidade “Aurora, Pilar y Ana SL” e o concello de Teo, cunha duración de un ano, contado a partir da sinatura da acta de comezo da prestación do servizo (que tivo lugar o 31 de agosto de 2016), prorrogable por outro máis, sen que a duración do contrato, incluída a prórroga, poida exceder de dous anos. O 30 de maio de 2017 formalizouse esta prórroga que remata o 31 de agosto de 2018.*

*A posible licitación dun novo contrato para a prestación deste servizo viuse afectada por unha serie de circunstancias sobrevidas que, en conxunto, impiden que se cumpran os prazos imprescindibles para un servizo con garantías:*



- *A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público (BOE do 09/11/2017), entrou en vigor o 9 de marzo de 2018, eliminando o contrato de xestión de servizos públicos que se substitúe polo contrato de concesión de servizos.*
- *O contrato de concesión de servizos regulado pola nova Lei 9/2017 implica unha serie de trámites non previstos con anterioridade na normativa contractual, entre eles un estudo de viabilidade económica previo á licitación que, máis alá da complexidade da súa elaboración, adía o proceso ao requirir un mes de información pública e a resolución de posibles alegacións.*
- *A disposición adicional 15.3 da Lei 9/2017 establece a licitación electrónica obrigatoria, se ben a complexidade da plataforma de contratación do sector público implica que na actualidade nos atopemos en período de probas.*
- *Outro aspecto a ter en conta na nova contratación mediante a modalidade de contrato de xestión de servizos, deriva do artigo 333 da lei que esixe solicitar informe previo á licitación, con carácter preceptivo, á denominada “Oficina nacional de avaliación”, ente que foi posto en marcha en datas recentes o que dificulta e prolonga no tempo dar cumprimento neste aspecto á normativa contractual.*

*Por outra banda, a xestión do servizo das Escolas infantís municipais, polas características do mesmo, impide unha xestión en precario inferior ao curso escolar completo, unha situación irregular contractual dificilmente xustificable e defendible. A decisión que se tome debe garantir a actividade regular e sen alteración sobre o curso completo.*

*Considerando que resulta imposible manter o servizo xestionado de forma externa garantindo os principios de libre concorrência e competencia, valorando ao mesmo tempo as características sensibles do servizo, e que o goberno municipal considera que a xestión directa dos servizos públicos é a mellor forma de acadar a eficacia, sostibilidade e eficiencia que a sociedade demanda das Administracións, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.-** *Manifestar a vontade do concello de asumir a xestión directa do servizo das Escolas Infantís Municipais a partir do 1 de setembro de 2018, iniciando o proceso administrativo con ese obxectivo.*

**Segundo.-** *Declarar a vontade de que o concello asuma a subrogación das traballadoras salvagardando os dereitos recollidos no seu convenio e como medio de dar continuidade e estabilidade ao servizo”.*

Explica o sr. Iglesias que, dada a imposibilidade de licitar o contrato en prazo, había dúas opcións, manter o contrato un ano en precario, permitindo que a contratación fora ampliada fora da normativa xurídica un ano máis, ou dirixirse cara a unha xestión directa das escolas infantís. Consideran que a sustentabilidade, a eficiencia e a garantía dos servizos prestados polo sector público son maiores que os que se prestan en réxime de contratación e consideran que se trata dunha práctica que beneficia tanto á Administración como aos/ás administrados/as, polo tanto a nivel de crenza e ideolóxico, pensan dende o seu grupo que é unha opción mellor que continuar un ano cun contrato que non ten as garantías suficientes para garantir os principios de concorrència e competencia. Sinala o sr. Iglesias que polo tanto se somete ao Pleno a manifestación da vontade de asumir a xestión directa a partir do 1 de setembro e continuar coas traballadoras, como medio imprescindible para dar estabilidade o servizo.

Explica o sr. Iglesias que unha das fortalezas que teñen as escolas infantís é que contan cun equipo de traballo cohesionado que leva moitos anos funcionando. Explica que, a pesar de ter o servizo externalizado, o concello e a súa concellería levan moitos anos traballando man a man coas escolas infantís, pasando por distintas empresas e distintos modelos de xestión. Considera que a xestión privada non implica que o equipo de traballadores e o concelleiro de benestar non estiveran presentes na xestión das escolas infantís, nun tipo de modelos de xestión máis que noutros, polo tanto teñen a experiencia para afrontar a xestión directa con bastante coñecemento e sabendo a onde van, o que queren e como conseguilo.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que se sabe da súa preocupación polas escolas infantís, como se puxo de manifesto no último Pleno, no que se dixera que case que sería un ano máis de prórroga, quedando el preocupado pola situación irregular, vindo despois a proposta da alcaldía.

Salienta que por principio está a favor da xestión pública dos servizos públicos e polo tanto vai a apoiar a proposta, en tanto en canto se trata dunha declaración de vontade,



e como tal a vai a apoiar, agardando ao Pleno de xullo, no que se falou de que se terá todo o teña que ir, informes, regulamentos, etc, que vai ter relevancia e transcendencia xurídica, e que será o máis importante.

O sr. Fernández di que para el o máis importante é que el confía no bo funcionamento do servizo, polas traballadoras, porque sabe que a garantía dese funcionamento non está na empresa nin no concello senón no grupo de traballadoras das escolas infantís, polo que considera fundamental o segundo punto, relativo ao mantemento de todas as condicións laborais. Pregunta o sr. Fernández se se vai a subrogar todo o persoal que actualmente traballa nas escolas infantís e reitera que a principal garantía está nas traballadoras, esperando que todo o que se faga ata xullo se faga en aras da boa xestión.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo. Di que comparte co sr. Fernández a idea do bo traballo das traballadoras deste servizo, porén tamén cree que en todas as municipalizacións que se están facendo a clave fundamental é o nivel de compromiso dos traballadores, tanto nas catro anteriores municipalizacións como nesta, o que axuda moito ao bo funcionamento da xestión das mesmas. Opina que chegados a este momento de funcionamento destes servizos de tanto tempo, funcionan sos, sen moita xestión política máis ben cunha xestión directa por parte dos traballadores que levan anos e anos co tema.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño sinala que dende o seu grupo consideran que a forma de como se está a proceder á hora de levar adiante o tema da municipalización é atropelada, xa que se debía ser máis previsible no tempo, engadindo que xa nas Comisións se transmitiu que xa se sabía que a 31 de agosto ía a acontecer iso e parece que sempre se está en prazos xustos facendo as cousas dunha forma que non lles parece a máis axeitada.

Sinala que dende o seu grupo están de acordo coa municipalización, engadindo que lle gustaría formular unha serie de preguntas que si lles preocupan en relación co tema tales como o número de traballadores que van a ser subrogados, qué custes e qué beneficios vai a acarrear esta municipalización, se se ten pensado ampliar o número de prazas nas escolas infantís, e cáles son as existentes para o vindeiro curso e, unha das cousas máis importantes, se se vai a garantir que antes de que comece o curso escolar, a 1 de setembro, vai a estar concluído todo o proceso da xestión administrativa da municipalización con normalidade, legalidade e todo o demais.

O sr. Iglesias di que a lista de persoal non lla pode facilitar á sra. Nariño porque basicamente é a empresa a que lla ten que facilitar ao concello, ao longo do mes de xullo, para proceder á subrogación, engadindo que a previsión é que sexa todo o persoal, porén o listado e a concreción están pendentes de traballarse porque se está a dous meses. Considera o sr. Iglesias que se fala de premura e de atropelo e pode dicir que as empresas cambian a xestión con normalidade, algunha acabando o proceso de contratación o 15 de agosto e o 1 de setembro están levando a escola infantil, polo que non é nada novo e o proceso de cambio de xestor se produce con axilidade.

Tratándose do número de prazas sinala o sr. Iglesias que non se van a incrementar porque ese número o determina a estrutura da escola, hai un determinado número de aulas e sobre elas hai un número máximo, así neste intre son oito nenos/as nas de 0-1, trece nas de 1-2 e 20 nas de 2-3, resultando que en Tilos hai unha aula de cada un deses niveis, en Calo hai unha de 0-1, unha de 1-2 e dúas de 2-3 e na Ramallosa hai unha de 0-2, dúas de 1-2 e dúas de 2-3, sendo isto o que determina o número de prazas, agás que algún ano se agrupen.

Tratándose dos custos e beneficios sinala o sr. Iglesias que se está elaborando un estudo económico e un estudo de xestión, e para facelo hai unha comisión técnico política que vai a traballar durante o mes de xullo e no Pleno dese mes presentarase toda esa documentación. Explica o sr. Iglesias que non é tanto o tema do custo e beneficios porque ademais de considerar que a xestión directa pode ser máis eficiente, é dicir que co mesmo nivel de recursos exista un nivel de calidade maior, tamén

considera que hai un beneficio que non é tan tanxible, como é a xestión por parte da Administración Pública e por parte dos técnicos desta, que van a ter un interese maior no benestar dos/as nenos/as ante a ausencia de beneficio económico ou explotación económica dun recurso. Polo tanto o beneficio que vai a existir é que as persoas que van a tomar decisións van a estar exentas de intereses económicos e van a velar moito máis por outro tipo de cuestións.

Salienta que ademais de responsable político fixo moito traballo técnico nas escolas infantís, basicamente porque había unha sobrecarga no servizo e as escolas infantís ademais de ser un recurso no que o cadro de persoal é fundamental, conleva un traballo de xestión, de supervisión, de coidado, porque teñen unha ampla casuística, sendo así mesmo preciso adecuar os mecanismos existentes, de regulamentos e ordenanzas, e regulamentos de réxime interno, á realidade. Polo tanto conleva unha serie de cousas que xa se están facendo dende o departamento de servizos sociais.

O sr. Iglesias di que non sabe se lle respondeu á pregunta á sra. Nariño, engadindo que se quere a cantidade que vai a custar lla pode dar a final de mes, existindo neste momento un traballo feito, pagándose polo concello 407.00 euros anuais máis as taxas que se recadan, e en principio as empresas con iso están xestionando as escolas infantís.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que cando falaba do número de traballadoras se refería a que hai algunha traballadora que forma parte dalgunha mellora.

O sr. Iglesias di que o que recollen os pregos non son traballadoras senón xornadas.

O sr. Fernández di que cando falaba da importancia das traballadoras nas escolas infantís se refería a que, a diferenza doutros servizos onde o persoal é importante, aquí non fai falla un tractor para facer o traballo, fan falla mans e experiencia e por iso neste tipo de servizo son a clave que garante que todo vai a funcionar correctamente, polo

que é preciso poñer en valor o traballo que fan, sempre que dende o concello se faga tamén todo o que se teña que facer.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda de intervención.

Intervén a concelleira do PP, sra. Nariño, e di que cando falaba do custe e beneficios non se refería a unha explotación económica, senón que se refería a que realmente cando alguén vai a xestionar algo directamente ten que ter un coñecemento amplo, e o prazo é pequeno e é un estudo importante que ten que ser avaliado con tempo. Salienta que, aínda que están a favor da municipalización, as formas non lle parecen as máis correctas por iso se van a abster.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (6 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e 7 abstencións (7PP), acorda:**

**Primeiro.- Manifestar a vontade do concello de asumir a xestión directa do servizo das Escolas Infantís Municipais a partir do 1 de setembro de 2018, iniciando o proceso administrativo con ese obxectivo.**

**Segundo.- Declarar a vontade de que o concello asuma a subrogación das traballadoras salvagardando os dereitos recollidos no seu convenio e como medio de dar continuidade e estabilidade ao servizo.**

## **8.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto noveno da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

Sendo as vinte horas e cincuenta minutos sae do Salón de Plenos o concelleiro do PP D. Antonio R. Sánchez Crespo, que se incorpora á sesión pasados cinco minutos.

## **9.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.**

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Fernández sinala que vindo da piscina de Luou, subindo cara a Bustelo, hai unha pista a man dereita e solicita, a petición dos veciños, que se faga unha limpeza da maleza porque a semana pasada case hai un atropelo por falta de visibilidade.

2.- Di o sr. Fernández que hai a pista que vai por detrás do campo de fútbol de Calo, que está ben, e na que so falta unha pequena gabia, porén os veciños din que agora os coches pasan a gran velocidade polo que solicitan que se estude a posibilidade de poñer un paso sobreelevado.

3.- Di o sr. Fernández que ten unha pregunta que dirixir á sra. Lemus e tamén ao sr. alcalde en relación co problema xerado polo parque de residuos que se pretende instalar na Casalonga.

Pregunta o sr. Fernández se se manteñen os argumentos que manifestaron, nomeadamente a sra. Lemus, no último Pleno.

A sra. Lemus pídelle ao sr. Fernández se lle pode lembrar os argumentos aos que se refire.

O sr. Fernández di que foron moitos, e un deles e que, dende o punto de vista urbanístico, non se ve a posibilidade de negar o informe de compatibilidade urbanística, e todo vai nesa dirección, engadindo que a sra. Lemus tamén pedía sensatez.

A sra. Lemus di que non cambiou de argumentos e que se trata dunha cuestión técnica pura e dura que está a valorar o arquitecto municipal. Explica que agora mesmo se está traballando coa excepción da norma e a excepción é complicada. Sinala que se todos tiveran tan claro dende fai moitos meses que era posible facer un informe de compatibilidade desfavorable, xa se tería feito, ao non existir ningún interese en ter a posibilidade da colocación, presente ou futura, deste tipo de plantas en calquera tipo de solo rústico en Teo.

Di a sra. Lemus que se trata dunha cuestión puramente técnica, o técnico está traballando no tema e está buscando a excepción, engadindo que cando teña a ben acabar o informe, baixo criterios técnicos, ante os que os concelleiros non teñen nada que dicir, se tramitará, porén se se tivera tan claro por todos, empezando por el, o informe desfavorable se tería feito fai tempo.

O sr. Fernández di que entende eses argumentos porén o que non entende é moitas declaracións que se fixeron dende aquel Pleno con respecto á posibilidade do informe.

Na reunión do 15 e do 31 maio négase calquera posibilidade de informe negativo de compatibilidade urbanística e incluso dixo o sr. alcalde que non se podía pedir que prevaricara.

Polo tanto non entende esas declaracións que se fan de que se esta traballando no informe, porque hai unhas posibilidades. Di o sr. Fernández que el ten claro que existe a posibilidade de facer o informe, non porque sexa moi listo, senón porque hai informes que si o avalan. Considera que neste caso hai que cambiar o *chip*, porque non é un proxecto menor, tratándose dun auténtico proxecto industrial, similar ao das Somozas, aínda que se diga que non, e para iso necesariamente hai que urbanizar a parcela, e non queda outra, porque se se pon en marcha todo iso que aparece no proxecto é imposible que non se teña que urbanizar a parcela.

Sinala que cando se fala do artigo 35.1 m) da Lei so solo, cando se fala de plantas de xestión de residuos, hai un matiz, cando di que salvo que implique a urbanización das

parcelas polas que discorre, cuestión que é fundamental. Considera que cando se fai isto se está pensando nesas máis de 17.000 plantas que existen por toda europea, nas explotacións gandeiras, que non requiren urbanización, de aí o matiz. Sinala que así o quere entender e que por iso redactan o 35.1 m) da Lei.

O sr. Fernández di que é posible e hai argumentos suficientes para paralizar o proxecto, cun informe negativo, que paralizaría e arquivaría o proxecto sen máis, e cando se di que se daría tempo a que se modificara o proxecto, hai que ter en conta que se trataría doutro proxecto. Na fase de información pública, un informe do concello, podería facer que a empresas modificara o proxecto e o mellorara, por exemplo, metendo unha depuradora.

Di o sr. Fernández que neste último mes dedicouse a estudar o tema porque había cuestións que lle chamaban moito a atención e dedicouse un pouco a intentar relacionar a normativa urbanística coa normativa ambiental, porque esa é a clave.

Di o sr. Fernández que ese informe é posible. Pide que conste en acta que a folla de ruta do goberno municipal vai a ser a seguinte, e agarda en parte que sexa así, van a entrar en razón, van a emitir o informe negativo e sacaran unha edición especial do informateo, co alcalde e o tenente de alcalde como salvadores da patria, e dirase que bueno, que ao final queda todo tal, e que son os mellores. Agarda o sr. Fernández que saia ese informe porque será o fin deste proxecto, aínda que poda vir outro, pero este proxecto xa non será e o que veña xa se verá o que se fai. Di o sr. Fernández que remata a súa intervención cun contundente non á planta de residuos da Casalonga.

Intervén a sra. Lemus e di que teñen que intentar non ser o técnico de urbanismo do concello neste Pleno, engadindo que o di polo da transformación urbanística ou urbanización. Entende a sra. Lemus que o sr. concelleiro lese durante este mes, porén en Teo hai un arquitecto municipal de primeira orde que ante esta idea da urbanización e transformación lle mencionaría o artigo 14 da Lei do solo estatal, texto refundido do 2015, que lle explica o que é unha transformación urbanística e posteriormente unha urbanización, que non ten nada que ver coas instalacións que precisa esta planta.

Pode entender a sra. Lemus que todos estean preocupados e busquen solucións, porén considera que calquera solución ten que pasar polo informe do arquitecto municipal, agradecéndose en todo caso as axudas e colaboracións, non debéndose dar nada por feito. Considera que se fora tan fácil esa coletilla da transformación urbanística, se tería un informe xa feito dende fai tempo, tendo en conta que o proio promotor cando presentaba a obra e a instalación, para informe de compatibilidade, mencionou o artigo con esa coletilla, polo que en ningún momento existiu ningún intento de ocultación por parte da empresa do que pretendía facer e onde o pretendía facer.

A sra. Lemus di que dentro dese intento de sensatez que solicita, agradecería que se deixara que o sensato sexa o técnico municipal e faga o seu traballo. Agradece a sra. Lemus as aportacións e as iluminacións, engadindo que tamén escoitou moita iluminación o outro día nunha rolda de prensa, por parte da deputada popular, aínda que esperaba que nalgún momento utilizara a súa capacidade como deputada para ir ao Parlamento de Galicia e solicitar unha modificación da normativa, proposta que finalmente se fixo dende o seu grupo parlamentario.

Considera a sra. Lemus que neste punto de iluminación e sabiduría técnica en que están todos, agradecería que se lle comunique ao técnico municipal, que é o que fai o informe, sobre todo porque a sinatura é del, e a ese informe non lle vai a poder dicir nada nin ela, nin o alcalde nin ningún dos 17 concelleiros. Sinala que, como xa teñen falado, todos saben onde probablemente vai a acabar ese informe, xa que existirá un recurso, e será o técnico municipal o que vai a defender a proposta.

Salienta a sra. Lemus que o técnico municipal non vai a empregar os argumentos que os concelleiros fagan en prensa nin en Plenos, en rogos e preguntas, que para iso é un técnico municipal. Agarda que se a calquera dos concelleiros/as se lle ocorre unha boa idea ou calquera tipo de idea, en vez de dicir que o informe xa está feito, que llo comuniquen ao técnico municipal, existindo incluso un correo electrónico onde se reciben diversas solucións por parte dos veciños.



Remata a sra. Lemus a súa intervención sinalando que agradece moito as colaboracións pero no punto no que deben estar cada un deles, pero non lanzándose a dicir algún tipo de iluminación bárbara que lle parece moi perigosa.

O sr. alcalde di que non sabe se vai a poder ser tan comedido como a sra. Lemus, porque está un pouco ata o gorro, xa que se foi a unha reunión á Xunta de Galicia, alí se cala e non se di nada, non vaia a ser, parece que se chegou a un acordo de actitudes con respecto a isto, e despois bailan por peteneras, cada un por onde poida.

O sr. alcalde di que lle parece unha deslealdade colectiva e que non vai a favor do obxectivo común, que é conseguir que non se faga a instalación en Teo.

Dirixíndose ao sr. Fernández dille que o que dixo non ten perdón de Deus, e preguntalle como se atreve a dicir aquí que o goberno entrará en razón e fará o informe negativo. Salia que o informe de compatibilidade urbanística é un informe técnico que non ten nada que ver nin co goberno municipal nin coa posición, nin nada parecido. Pide o sr. alcalde que se deixe de marear a perdiz con tonterías e con malas interpretacións, resultando ser electoralismo, non o Informateo, senón a mentira así empregada, como cando o sr. Fernández fala do “concello” e non explica que o concello neste caso é o arquitecto municipal.

O sr. alcalde di que el valora moito o esforzo dun mes de traballo do sr. Fernández aínda que non valora tanto o rendemento que sacou, engadindo que quizais se se pon outro mes poida operar. O sr. alcalde salienta que o que está claro é que facer o informe de compatibilidade urbanística o ten que facer unha persoa que se pasou cinco anos estudando unha carreira, polo que algo saberá de dereito urbanístico.

Di o sr. alcalde que a impresión que da é que o sr. Fernández de dereito urbanístico cero patatero. Di que non vai a perder o tempo en discutir argumentos técnicos, engadindo, dirixíndose ao sr. Fernández, que se considera que os argumentos políticos teñen algún tipo de traslación ao informe, se poden discutir e valorar, porén non se poden discutir argumentos técnicos, porque iso non vai a ningún lado e se trata de

manipulación absoluta de xente que está moi desesperada esperando un informe negativo. O sr. alcalde dille ao sr. Fernández que algún día lle explicara a presa de que ese informe estea diante. Pregúntalle que perde o concello se espera ata que veña a reclamación da Xunta, xa que o concello non ten obriga de respondelo ata que veña dita reclamación. Pregunta o sr. alcalde que se perde esperando ou que se gaña quitándoo agora, resultando que o único que está interesado en acelerar este proceso é Toysal.

O sr. Fernández di que estas saídas do alcalde lle parecen moi ben, engadindo que está falando en termos políticos, aínda que é verdade que meteu algunhas cuestións técnicas, engadindo que incluso dispón de máis.

Sinala que mirou moitas cousas, e non pretende ser urbanista, xa que é portavoz municipal, porén cando o sr. alcalde fala do que pasa despois da reunión na Consellería, o primeiro que pasa é unha entrevista ao sr. alcalde e despois hai un posicionamento do Partido Popular. Sinala que el entendeu que o único que ia a mandar unha nota de prensa en relación á reunión era a plataforma, cousa que non viu, e ese foi o acordo ao que se chegou, e se se mira a primeira nota de prensa do BNG vese que nunca fixo unha referencia a esa reunión, e a primeira referencia que se fixo foi valorando positivamente o que pasou nesa reunión, polo espírito construtivo que polo menos el percibiu. Salienta que el non rompeu ningún consenso, nin aquí nin coa plataforma, engadindo que el ven a expresar un posicionamento político, ao igual que eles cando fan declaración públicas.

En relación a que Toysal é o que gaña, entende o sr. Fernández que si que gaña pola tardanza, porque pensará que hai medo.

En canto a afirmación do sr. alcalde de que fai electoralismo, sinala que podería estar calado e escoitar o que din algúns veciños e dicirlles que o goberno municipal está facendo o que pode, e algunha vez o ten feito.

O sr. alcalde pregúntalle ao sr. Fernández que cree que debe facer o concello.

Opina o sr. Fernández que o que hai que facer é avanzar no tema do informe de compatibilidade urbanística.

O sr. alcalde di que non sabe a que se refire o sr. Fernández cando fala de avanzar.

O sr. Fernández di que hai unha posición inicial clara inicial, que se marcou o 15 e o 31 de maio, cando era imposible, e hoxe se fala de posibilidades, polo que algo se avanzou. Na Consellería quedou claro que había posibilidades técnicas, e o dixeron claramente, e nese senso se avanzou.

A sra. Lemus di que o día 31 quen dixo que non había capacidade para facer o informe urbanístico desfavorable foi ela.

O sr. Fernández sinala que tamén o dixo alcalde, sinalando que non se lle podía pedir que prevaricara.

A sra. Lemus di que ela pode entender que se poidan criticar os tempos porén o que non se pode facer é poñer eléctrodos ao arquitecto municipal e darlle descargas para que faga o informe. Sinala que o outro día lle chamaba a atención o argumentario de que xa se sabía que ia a existir informe desfavorable, engadindo que ela non o viu para sabelo. Reitera que se fora tan fácil facelo o arquitecto municipal xa o tería mandado. O arquitecto ten que poñer a súa sinatura nun informe que vai a supor a paralización dun procedemento, dunha instalación que custa catro millóns de euros, que implica o interese económico dunha empresa, que vai a ser mirado e remirado, polo que haberá que quitar o mellor informe. Cal e a cuestión que se quite o informe rápido, sexa como sexa, e que calquera dos grupos saque unha nota de prensa, ou ver se se para a planta, co informe desfavorable que saben que vai a ser o primeiro paso de moitos. Salienta a sra. Lemus que estamos falando dun informe dun arquitecto municipal que leva vinte anos traballando, pide seriedade e engade que o único que pide é que sexan responsables dos actos de cada un.

Non se pode pedir avanzar nun informe de compatibilidade urbanística, porque é un informe dun técnico, e hai que deixar traballar á xente. Cando se di que hai moitas razóns para facer un informe desfavorable, o que se está facendo é desprestixiando o traballo dun técnico municipal que finalmente é o que vai a ter que realizar o informe

O sr. Sánchez di que é ofensivo que o sr. alcalde fale de deslealdade, é pídelles a este que pense quen foi o primeiro que rompeu a baralla. A raíz da reunión do 15 de maio e posteriores intervencións e declaracións públicas, pídelles simplemente ao sr. alcalde que reflexione, engadindo que se quere poden reflexionar tamén sobre a convocatoria que se fixo á veciñanza sen aviso aos grupo da oposición, ou poden falar da información que tiña o goberno sen convocar previamente unha xunta de portavoces.

O sr. Sánchez pregúntase como o sr. alcalde ten a pouca cara de falar de deslealdade, engadindo que é absolutamente indignante. Pregunta o sr. Sánchez quen foi o primeiro en romper a baralla, engadindo que o primeiro en saír foi o sr. alcalde.

O sr. Sánchez prégalles ao sr. alcalde que sexa transparente, que lles dea información que non lles dou, que convoque a Xunta de Portavoces que non convocou, ante un tema tan grande como este.

O sr. alcalde di que iso se pode discutir, porque iso é política, porén o que non se pode discutir é o de acelerar ou non acelerar un informe, esperando que iso saia claro deste Pleno.

O sr. Fernández di que as cousas van a acontecer tal e como el adiantou. Explica que pode pasar que chegado a Xunta o informe, pase coma con outras instalacións, que se diga que é cousa dos técnicos, e a lei é deles, porén mañá pode estar outro goberno, e a lei cambiar, e tamén se dirá que son os técnicos.

Sinala que se ven casos noutros concellos onde o goberno toma posición.

O sr. alcalde di que a posición si que a teñen porén o que non poden é redactar o informe, porque non poden facer nada, dentro da lei, para que o informe sexa negativo.

Salienta que os políticos poden reformas as leis, porque iso é política, e decidir se iso ten que estar en polígonos industriais.

Na Consellaría vai a ser o mesmo, o informe a van a facer os técnicos, engadindo que el o criticara, pero non aos técnicos, senón aos políticos porque non fixeron as modificacións legislativas necesarias.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formula ningún rogo nin pregunta.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Di o sr. Guerra que está vendo que se están poñendo uns caixón nas parroquias.

A sra. Lemus di que é o proxecto do IDAE.

O sr. Guerra di que van a quedar feos.

A sra. Lemus respóndelle que fale co Ministerio de Industria e lle explique como teñen que facer, porque aínda que non son bonitos hai unhas normas que cumprir.

Di o sr. Guerra que hai postes por todos lados e agora un petardo máis.

2.- Di o sr. Guerra que a pista de Santa Marta está desastrosa e pregunta cando se vai a arranxar.

A sra. Lemus di que está feito o levantamento topográfico e se meterá no próximo POS.

Refírese tamén o sr. Guerra a outra pista que hai entre Vilar de Francos e Cornide, pola que pasa, que está fatal.

3.- A sra. Nariño di que o próximo mes o Pleno cadrará en día festivo.

O sr. alcalde resposta que xa se tratou na Xunta de Portavoces e quedou para o 26.

4.- A sra. Vázquez interésase polo tema da fosa de Pontevea e quere saber como estaba o tema porque leva dous meses parada e segue vertendo merda.

O sr. alcalde explica que están absolutamente desesperados porque está Fenosa para meter o cable e precisa permiso de patrimonio e augas de Galicia.

5.- Pregunta a sra. Vázquez para cando o aparcadoiro de Pontevea. Di que segundo os veciños leva dende febreiro esperando un informe técnico da secretaria.

A sra. Lemus di que está lista a parte urbanística e falta a parte xurídica.

6.- A sra. Ferreiro pregúntalle o sr. alcalde se conseguira que asfaltara ese trozo de pista que vai por onde a Garda Civil.

O sr. alcalde di que si se falou, pero que insistirá no tema.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz